



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Público de Infantil e Primaria
"HUMBERTO JUANES"
Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilameán)
36350 Nigrán



886110378 -- 886110379

E-MAIL

ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es

WEB

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuanes>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CIENCIAS DA NATUREZA

5º

ANO ACADÉMICO:
2020/2021

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1. CONTEXTO | 3 |
| 2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN..... | 5 |
| 3. METODOLOGÍA PRESENCIAL..... | 9 |
| 4. METODOLOGÍA NON PRESENCIAL | 10 |
| 5. AVALIACIÓN | 10 |
| 6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO | |
| DAS COMPETENCIAS CLAVE | 20 |
| 7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | 23 |
| 8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | 25 |
| 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 26 |
| 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 28 |

1. CONTEXTO

- **CENTRO:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

Poboación inmigrante:

En relación ao alumnado procedente do estranxeiro cabe sinalar que é unha poboación moi pequena no noso centro e de diversas procedencias: Uruguay, Cabo Verde, Vietman, Suiza, Brasil, China,...a situación de cada unha das familias é variopinta, emigrantes retornados, por negocios, acollidas, adopcións,...

Alumnado con NEAE no curso actual:

Na actualidade, e segundo o departamento de orientación, temos un total de 24 casos diagnosticados que están escolarizados no centro e en tramitación de becas para axuda externa. Aínda así hai alumnos que están pendentes de diagnóstico.

• **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

| | |
|----|--|
| a) | Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. |
| b) | Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. |
| c) | Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. |
| d) | Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. |
| e) | Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. |
| f) | Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. |
| g) | Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá. |
| h) | Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. |
| i) | Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. |
| j) | Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na |

| | |
|----|---|
| | construción de propostas visuais e audiovisuais. |
| k) | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. |
| l) | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. |
| m) | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |
| n) | Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. |
| o) | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Os estándares imprescindibles que quedaron sen traballar/acadar no curso 19/20 foron:

CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.

CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.

CNB2.3.3. Analiza dietas e diseña un menú equilibrado.

CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.

CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.

CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.

CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas

estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, para a área de matemáticas de 5º corresponden 2 sesións semanais de ciencias naturais.

1ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|----------------------------|---|------------------------------|----------------------|-------------------------|
| | | | | Mes | Número de sesións |
| BLOQUE * | | | | | |
| U1 | O ser humano | <p>O corpo humano. As funcións vitais do ser humano. A nutrición. A asimilación dos nutrientes. A circulación dos nutrientes cara ás células. A obtención de enerxía. A eliminación dos refugallos. A función de relación. Os órganos dos sentidos. O sistema nervioso. O aparato locomotor. O aparato endocrino. A reprodución.</p> <p>As etapas da vida. O que nos diferencia do resto dos animais. A identidade persoal.</p> | Contidos edixgal | SETEMBRO | 8 |
| U2 | A nutrición e os alimentos | <p>A nutrición e os tipos de alimentos. Os nutrientes. Os hidratos de carbono, os lípidos, as proteínas e as vitaminas. A auga e os sales minerais. A pirámide alimentaria.</p> | Contidos edixgal | OUTUBRO | 8 |
| U3 | A saúde | <p>O estado de benestar. As enfermidades. As enfermidades infecciosas. A causa. A transmisión. A prevención e o tratamento. As enfermidades non infecciosas. Os hábitos saudables.</p> | Contidos edixgal | NOVEMBRO DECEMBRO | 8 |

| | | | | | |
|--|--|---|--|--|--|
| | | Os riscos para a saúde. O tabaco. O alcol. As drogas. Os accidentes. Coñecemento dun mesmo e autonomía persoal. | | | |
|--|--|---|--|--|--|

2ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|----------------------------|--|------------------------------|---------------------|-------------------------|
| | | | | Mes | Número de sesións |
| | | BLOQUE * | | | |
| UD 5 | Os seres vivos | <p>Os seres vivos e as súas funcións vitais.</p> <p>Os cinco reinos. O reino dos animais. O reino das plantas. O reino dos fungos. O reino das moneras. As bacterias. As cianobacterias. O reino dos protocistas. Os protozoos. As algas.</p> <p>Os ecosistemas. Os seres humanos ea relación cos ecosistemas.</p> <p>O laboratorio de ciencias. As normas de seguridade. O uso das TIC no ámbito científico.</p> | Contidos edixgal | XANEIRO FEBREIRO | 8 |
| UD 6 | O reino animal | <p>Os seres vivos que constitúen o reino animal. As funcións vitais dos animais.</p> <p>Os animais invertebrados. As esponxas. Os arácnidos. Os vermes. Os moluscos. Os equinodermos. Os artrópodos.</p> <p>Os animais vertebrados. Os peixes. Os anfibios. Os réptiles. As aves. Os mamíferos.</p> <p>A fauna no noso territorio.</p> <p>A observación da natureza. O método científico e a observación do reino animal.</p> | Contidos edixgal | MARZO | 8 |
| UD 7 | O reino das plantas | <p>As características das plantas.</p> <p>Os tipos de plantas. As plantas sen flores. As plantas con flores.</p> <p>A nutrición das plantas. A absorción e o transporte. A fotosíntese. A respiración.</p> | Contidos edixgal | ABRIL | 8 |

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| | | <p>A reprodución das plantas. A reprodución nas plantas con flores. A reprodución nas plantas sen flores. Outros tipos de reprodución.</p> <p>A relación das plantas co medio. A flora española.</p> | | | |
|--|--|--|--|--|--|

3ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|-----------------------------------|--|------------------------|-----------------|-------------------|
| | | | | Mes | Número de sesións |
| BLOQUE * | | | | | |
| UD 9 | A materia e a enerxía | <p>A materia e as súas propiedades. As propiedades xerais. As propiedades específicas.</p> <p>Os estados da materia. Os cambios da materia.</p> <p>Os materiais. Os materiais naturais. De orixe animal. De orixe vexetal. De orixe mineral. Os materiais artificiais</p> | Contidos edixgal | ABRIL | 8 |
| UD 10 | Materia e enerxía | <p>Que é a enerxía?</p> <p>Os tipos de enerxía. A enerxía térmica e a calor.</p> <p>As fontes de enerxía. As fontes de enerxía renovables. O Sol. O vento. A auga. A calor interna da Terra. A materia orgánica. As fontes de enerxía non renovables. Os combustibles fósiles. Os combustibles nucleares.</p> <p>O aforro de enerxía. O aforro de enerxía térmica. O aforro de enerxía eléctrica.</p> <p>A contaminación.</p> | Contidos edixgal | MAIO | 8 |
| UD 11 | A tecnoloxía, obxectos e máquinas | <p>A electricidade.</p> <p>A transmisión da electricidade. Os materiais condutores e os materiais illantes. Os circuitos eléctricos. Os usos da corrente eléctrica.</p> <p>As máquinas eléctricas. A electricidade e o desenvolvemento.</p> | Contidos edixgal | XUÑO | 6 |

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

Aspectos xerais:

A metodoloxía basearase na aprendizaxe cooperativa, activa-participativa e con carácter lúdica e dinámica na que os alumnos/as sexan os protagonistas das súas aprendizaxes.

Este curso 2020/2021 iniciáremos no 5º curso co **proxecto E-DIXGAL**. Co fin de preparar ao noso alumnado para traballar de xeito óptimo con esta plataforma adicaremos certo tempo do primeiro trimestre a explicar determinados aspectos que van precisar tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

Programaranse ademáis actividades encaminadas a traballar “O Camiño de Santiago” (tema anual do centro).

Estratexias metodolóxicas

Flexibilizaranse os tempos de traballo, as tarefas secuenciaranse gradualmente en función das dificultades, traballarase con responsabilidades e cargos, o diario de equipo do traballo cooperativo fixará os obxectivos de grupo e persoais a cumprir.

As probas escritas de cada tema poderán ser orais ou adaptadas ás necesidades. Partiremos do entorno inmediato do alumnado con fontes de interese que motiven e axuden nas aprendizaxes.

Exemplo de secuenciación de traballo na aula:

- Posta en común de ideas xa adquiridas a modo de avaliación inicial.
- Explicación de titor/a.
- Investigación de datos, vocabulario específico,...
- Traballo individual/equipo.
- Posta en común.
- Autoavalación das aprendizaxes.

Outras decisións metodolóxicas:

Traballo cooperativo, agrupamentos: Ao traballar coas dinámicas e estruturas de traballo cooperativo formaranse agrupamentos de catro ou tres alumnos.

Tempos: Serán flexibles e sempre dando tempo segundo as necesidades ou características de cada alumno.

Espazos:A propia aula terá a posibilidade de ter o entorno dixital. Utilizaranse, se as circunstancias o permiten, diferentes rincóns da aula: zona de biblioteca, pdi,...

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar traballando na aula co proxecto E-dixgal empregaremos co alumnado de 5º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

5. AVALIACIÓN

- **AVALIACIÓN INICIAL:**

Data prevista de realización: As dúas primeiras semanas do curso serán adicadas á avaliación inicial. Entre o 14 e o 25 de setembro. Nesta área realizarase mediante a observación directa e o rexistro anecdótico.

Mecanismo para informar ás familias

Utilizarase o abalar móbil e as titorías telemáticas en horario de martes de tarde.

Consecuencias dos resultados das probas:

- Coordinarse co departamento de orientación para adoptar as medidas máis axeitadas cós alumnos que o precisen.

- Realizaranse cambios metodolóxicos segundo os datos atopados en ditas avaliacións e consultados os informes correspondentes.
- Informar ás familias.

- **AVALIACIÓN CONTINUA:**

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

A periodicidade coa que se farán as probas escritas (exames, tests, ect.) versará tamén no ritmo de aprendizaxe que marque o grupo-clase polo que pode variar ao longo do curso e cabe a posibilidade de non facer probas escritas.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Os traballos cualifícanse a través de lista de control/cotexo, caderno de clase/portfolios, proba obxectiva e rúbricas.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... Tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A ponderación dos estándares recóllese no seguinte apartado. O redondeo será á alza se a cualificación é de x,5. O grupo total de estándares supón o 100% da nota e, a súa agrupación en cada trimestre supón outro 100% de xeito específico para dito trimestre.

• CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| BLOQUE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA) | TEMPORALIZACIÓN | | | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | Peso (%) | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|-----------------|----|----|-------------------------------------|--|-------------|------------------------------------|
| | | 1ª | 2ª | 3ª | | | | |
| 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA (30%) | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CCL CSIEE CAA CD CMCCT |
| | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CMCCT CCL |
| | CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CMCCT CCL CD CSIEE |
| | CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CCL CAA CMCCT |
| | CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CAA CMCCT CD |

| | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|-------------------------------------|---|-----|------------------------------|
| | CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados e integrar datos de observación. | 2,3 | CAA CMCCT CD |
| | CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Establecer conxecturas | 2,3 | CSIEE CAA CMCCT |
| | CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Establecer conxecturas | 2,3 | CAA CSC CMCCT CSIEE |
| | CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Utilizar estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo | 2,3 | CMCCT CSC CD |
| | CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Utilizar algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información | 2,3 | CD CAA CMCCT |
| | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Buscar, seleccionar e organizar información, analízala, obter conclusións, elaborar informes e comunicar os resultados. | 2,3 | CAA CD CMCCT |

| | | | | | | | | |
|--|---|--|--|--|---------------------------------|--|-----|---|
| | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados coa axuda dos demais. | 2,3 | CMCCT CCL CAA CSIEE |
| | B1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Presentar un informe sinxelo, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | 2,3 | CMCCT CCL CSC CD CAA CSIEE |
| 2. O SER HUMANO E A SAÚDE (20%) | 2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Recoñecer os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. | 4 | CMCCT |

| | | | | | | | | |
|------------------------------------|---|--|--|--|-------------------------------------|---|-----|---------------------|
| | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Identificar as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explicar as principais funcións. | 4 | CMCCT |
| | CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Identificar enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada. | 4 | CMCCT CSC |
| | CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Coñecer os principios das dietas equilibradas, e recoñece menús variados identificando ás prácticas saudables. | 4 | CMCCT CCL CSC |
| | NB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Recoñecer os principais efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | 4 | CMCCT CSC |
| 3. OS SERES VIVOS (20%) | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Identificar a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | 2,5 | CMCCT CCL |
| | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Clasificar aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino. | 2,5 | CMCCT |
| | CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. | | | | ESCALA DE VALORACIÓN OBSERVACIÓN | Utilizar de forma sinxela guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. | 2,5 | CMCCT CCL |

| | | | | | | | | |
|---------------------------------------|--|--|--|--|-------------------------------------|--|-----|--------------------|
| | CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Coñecer e explicar as principais características e compoñentes dun ecosistema. | 2,5 | CMCCT CCL |
| | CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Investigar con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. | 2,5 | CMCCT CCL |
| | CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Identificar algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e identifica tamén algunhas actuacións para o seu coidado | 2,5 | CMCCT CSC |
| | CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Usar a lupa para a observación científica. | 2,5 | CMCCT |
| | CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Observar e rexistrar algún proceso asociado á vida dos seres vivos e comunica de xeito oral e escrito os resultados. | 2,5 | CMCCT CCL CD |
| 4. MATERIA E ENERXÍA (20%) | CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Recoñecer materiais segundo as súas propiedades | 2,2 | CMCCT |
| | CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Identificar diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. | 2,2 | CMCCT |

| | | | | | | | | |
|--|---|--|--|--|-------------------------------------|--|-----|------------------------------------|
| | CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Coñecer a diferenza entre masa e volume. | 2,2 | CMCCT CCL |
| | CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Recoñecer as principais características da flotación nun medio líquido. | 2,2 | CMCCT CCL |
| | CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Recoñecer as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | 2,2 | CMCCT CCL CSC |
| | CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Realizar experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá. | 2,2 | CMCCT CAA CSIEE CCL CD |
| | CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Recoñecer produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. | 2,2 | CMCCT |
| | CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Coñecer os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. | 2,2 | CMCCT |
| | CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Respectar as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. | 2,2 | CMCCT |

5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS (10%)

| | | | | | | | |
|--|--|--|--|-------------------------------------|---|-----|-----------------------------|
| CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Observar e identifica os elementos dun circuíto eléctrico. | 1,6 | CMCCT CSIEE |
| CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. | | | | OBSERVACIÓN ESCALA DE VALORACIÓN | Recoñecer algúns efectos da electricidade da vida cotiá. | 1,6 | CMCCT CCL |
| CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Identificar exemplos de materiais condutores e illantes, | 1,6 | CMCCT CCL |
| CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. | | | | OBSERVACIÓN LISTA DE CONTROL | Coñecer algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. | 1,6 | CMCCT CCL CSC |
| CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. | | | | OBSERVACIÓN RÚBRICA | Recoñecer a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. | 1,6 | CMCCT CCL CSC |
